

---

# **Orzamentos Xerais do Estado 2022**



**Confederación Intersindical Galega**

[www.galizacig.gal](http://www.galizacig.gal)

---

# ORZAMENTOS ESTADO 2022

Os orzamentos do Estado español para 2022 acadan os 527.107,76 millóns de euros, dos cales 499.474,53 son orzamentos do Estado propiamente dito, e os restantes 27.633,23 proceden da Unión europea a través do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR). Con respecto ao ano anterior, o orzamento é un 4,2% inferior.

Este orzamento proxéctase nun escenario macroeconómico de recuperación económica, non só no Estado senón a nivel mundial. Este escenario posibilita, así, non só a recuperación do mercado interno senón tamén o externo, o que eleva o crecemento estimado do PIB ao 7% en 2022, logo de estimar que remate 2021 cun incremento do 6,5%.

## ESCENARIO MACROECONÓMICO

	2020	2021	2022
<i>Gasto en consumo final</i>	-8,2	6,4	5,4
<i>Consumo fogares</i>	-12	8	6,9
<i>Consumo AAPP</i>	3,3	2,5	1,5
<i>Formación bruta de capital</i>	-11,4	7,1	12,2
<b><i>Achega demanda interna</i></b>	<b>-8,6</b>	<b>6,5</b>	<b>6,7</b>
<i>Exportacións</i>	-20,1	10	10,3
<i>Importacións</i>	-15,2	10,3	10
<b><i>Achega sector exterior</i></b>	<b>-2,2</b>	<b>0,1</b>	<b>0,2</b>
<b><i>Produto Interior Bruto</i></b>	<b>-10,8</b>	<b>6,5</b>	<b>7</b>
<i>Emprego</i>	-7,6	4	2,7
<i>Taxa de paro</i>	15,5	15,2	14,1

FONTE: Proxecto de orzamentos xerais do Estado de 2022.

Segundo o previsto nos orzamentos, a demanda interna é a que contribúe en maior medida á devandita recuperación, xa que se estima que esta aumente un 6,7% con respecto a 2021, despois de rematar cun medre do 6,5% en 2021. Medran todos os compoñentes da demanda interna, liderando o crecemento a Formación Bruta de Capital, que se prevé que aumente o 12,2%. O consumo, sobre todo o dos fogares, cun medre do 6,9%, é a outra peza clave da recuperación.

A achega do sector exterior é practicamente neutra neste período, xa que a evolución tanto das exportacións como das importación é moi semellante, polo que só se prevé que achegue un 0,2 p.p. ao crecemento do PIB do ano 2022.

É un escenario optimista no que atinxe ao crecemento económico, aínda que por outra parte o devandito optimismo non se traslada ao mercado de traballo.

Así, ao PIB estímase un medre importante (7%), maior que no ano 2021, mais este crecemento non se traslada ao mercado de traballo, xa que se estima que o emprego equivalente a tempo completo aumente só un 2,7%, crecemento feble e inferior ao estimado para o ano 2021, que é do 4%.

A taxa de paro prevese que se sitúe no 14,1%.

Aínda que é posible un crecemento elevado do PIB interanual no ano 2021, dado a situación vivida no ano 2020 coa crise provocada pola COVID-19, non é tan crible o prognóstico para o ano 2022. Son moitos os factores que, a día de hoxe, cuestionan un crecemento de tal magnitude, sendo o prezo da enerxía o máis determinante.

Todo parece indicar que o prezo da enerxía vai frear a recuperación económica, e afectar á inflación. Precisamente a evolución da inflación, medida, neste caso, a través do deflactor do PIB, é outro indicador que fai difícil darlle credibilidade ao cadro macroeconómico que sustenta estes orzamentos. Prevese que remate 2021 cun medre do 1,2%, para acadar en 2022 o 1,5%.

No mes de setembro de 2021, a inflación, medida a través do IPC, sitúase no 4%, case o triplo do previsto nos orzamentos para o ano. De seguir así, e nada parece indicar o contrario, é difícil que este prognóstico se cumpra.

Como se dixo anteriormente, a contribución do Estado a este cadro é de 527.107,76 millóns, cuxo gasto por capítulos é como segue:

#### ORZAMENTO DE GASTO POR CAPÍTULOS.

<i>Capítulo</i>	<i>2021</i>	<i>2022</i>	<i>Variación</i>
<i>I. Gastos de persoal</i>	25.018,38	25.859,34	3,4
<i>II. Gastos en bens correntes e de servizos</i>	9.921,91	10.947,59	10,3
<i>III. Gastos financeiros</i>	31.739,63	30.271,23	-4,6
<i>IV. Transferencias correntes</i>	306.587,15	312.592,40	2,0
<b>TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES</b>	<b>373.267,07</b>	<b>379.670,57</b>	<b>1,7</b>
<i>V. Fondo de continxencia</i>	3.889,13	3.922,84	0,9
<i>VI. Investimentos reais</i>	10.172,04	11.177,57	9,9
<i>VII. Transferencias de capital</i>	29.167,50	32.241,45	10,5
<b>OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>	<b>39.339,54</b>	<b>43.419,02</b>	<b>10,4</b>
<b>T. GASTOS NON FINANCEIROS</b>	<b>416.495,74</b>	<b>427.012,43</b>	<b>2,5</b>
<i>VIII. Activos financeiros</i>	39.577,43	31.957,12	-19,3
<i>IX. Pasivos financeiros</i>	94.410,64	68.138,19	-27,8
<b>TOTAL GASTOS FINANCEIROS</b>	<b>133.988,07</b>	<b>100.095,32</b>	<b>-25,3</b>
<b>Total</b>	<b>550.483,81</b>	<b>527.107,76</b>	<b>-4,2</b>
<i>Orzamento do Estado</i>	523.848,23	499.474,53	-4,7
<i>PRTR</i>	26.634,28	27.633,23	3,8

FONTE: Proxecto de orzamentos xerais do estado de 2022. Datos en millóns.

O descenso do gasto afecta soamente ás operacións financeiras (-25,3%), mentres os gastos non financeiros aumentan un 2,5%.

Os gastos financeiros propiamente ditos (capítulo II) descenden un 4,7%, como consecuencia dos baixos niveis dos tipos de xuro, o que abarata os gastos derivados da débeda pública.

A amortizar débeda ou outros empréstitos destínanse 68.138,19 millóns de euros, un 27,8% menos que neste ano 2021.

Sumados ambos os dous capítulos, absorben preto do 19% do total do orzamento.

Dentro dos gastos non financeiros, as transferencias correntes absorben a maior partida do orzamento. No ano 2022, prevese que preto do 60% do orzamento estatal sexa transferido a outros axente públicos ou privados, xa que no capítulo de transferencias están incluídas as destinadas ás CCAA para o seu financiamento, a UE, a corporacións locais... mais tamén fondos destinados a familias, como o bono social térmico, o ingreso mínimo vital, etc. Dada a dificultade de expor un número tan elevado de partidas, imos agrupar por partidas dentro do denominado gasto social, e dun xeito máis desagregado acompáñase como anexo a este documento.

## GASTO SOCIAL.

	2021	2022	Variación %
<i>Pensións</i>	163.297,00	171.165,00	4,8
<i>Outras prestacións económicas</i>	20.622,00	20.974,48	1,7
<i>Servizos e promoción social</i>	5.201,00	4.852,74	-6,7
<i>Fomento do emprego</i>	7.405,00	7.647,93	3,3
<i>Desemprego</i>	25.011,00	22.457,10	-10,2
<i>Acceso a vivenda</i>	2.253,00	3.295,20	46,3
<i>Xestión e administración da seguridade social</i>	90,00	104,00	15,6
<b>(1) PROTECCIÓN E PROMOCIÓN SOCIAL</b>	221.982,99	230.496,45	3,8
<i>Sanidade</i>	7.329,00	6.606,05	-9,9
<i>Educación</i>	4.893,00	5.022,78	2,7
<i>Cultura</i>	1.148,00	1.589,33	38,4
<b>(2) PRODUCCIÓN DE BENS PÚBLICOS DE CARÁCTER PREFERENTE</b>	13.370,00	13.218,16	-1,1
<b>GASTO SOCIAL (1)+(2)</b>	235.352,99	243.714,61	3,6

FONTE: Proxecto de orzamentos xerais do estado de 2022.datos en millóns

O denominado gasto social nos orzamentos (que inclúe gastos en protección e promoción social, así como a produción de bens públicos de carácter preferente) prevese que aumente un 3,6% para o próximo ano, ata acadar o 46,2% do total orzamentado.

Os gastos agrupados baixo a epígrafe de protección e promoción social prevese que aumenten un 3,8%, mentres que aos de produción de bens públicos de carácter preferente estímase un descenso do 1,1%. A evolución é moi desigual dependendo da partida orzamentaria da que esteamos a falar.

Os gastos destinados a **pensións** acadan os 171.165 millóns de euros, un 4,8% máis que no ano 2021. Deles, 149.996 millóns son destinados a pensións contributivas. A este medre contribúe tanto o aumento no número de pensionistas como o da pensión media.

As pensión contributivas van experimentar un crecemento porcentual igual ao valor medio das taxas de variación interanual expresadas en tanto por cento do IPC dos doces meses previos a decembro de 2021.

As pensións non contributivas e as mínimas revalorizaranse ao 3%.

No que atinxe a **outras prestacións económicas** -que abarcan o conxunto de prestacións que comportan transferencias a favor das persoas beneficiarias dos sistemas de protección social, fundamentalmente de garantía de rendas-, prevese que medre o gasto un 1,7%. Dentro deste grupo, os distintos programas sofren variacións asimétricas, debido en parte a que algunhas partidas cambian de programa, polo que é dificultoso facer un seguimento.

A cantidade destinada ao Ingreso Mínimo Vital mantense practicamente na mesma contía que o ano anterior (3.021,93 millóns de euros). O programa que experimenta un maior descenso é o destinado a prestacións económicas por cesamento de actividade, programa ligado á crise sanitaria provocada pola COVID-19, e destinado a persoas traballadoras autónomas, programa que se reduce dos 714 aos 77 millóns de euros en 2022.

Ao programa destinado ás prestacións de garantía salarial (FOGASA) destínanse 829,32 millóns, a mesma cantidade que en 2021.

A partida destinada a **servizos e promoción social** alcanza os 4.852,74 millóns de euros; máis da metade dos gastos desta partida absórbeos o programa de atención á dependencia, concretamente 2.902,04 van destinados a este fin, un 23,3% máis que no ano 2021.

Dentro deste grupo, están todos os programas relativos a atención a migrantes, drogas, igualdade, violencia de xénero...

O programa destinado a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres acada os 224,83 millóns, un 1,4% máis que no ano precedente.

O programa que acolle as actuacións para a prevención da violencia de xénero, aumenta un 16,1%, ata acadar os 209,18 millóns de euros.

O programa de **fomento do emprego**, que recolle as políticas activas de emprego, medra un 3,3% o seu orzamento ata acadar os 7.647,93 millóns de euros.

Deste bloque, 3.121 millóns son para actuacións de carácter formativo. Desa contía, 1.997 millóns de euros destínanse ao Servizo Público de Emprego Estatal, coa seguinte desagregación:

- Formación de persoas desempregadas: 336 M.
- Formación de persoas ocupadas: 1022 M.
- Oportunidades de emprego e formación: 639 M.

O resto deste importe (1.124 millóns) transfírese ao Ministerio de Educación e Formación Profesional, para formación de persoas desempregadas e ocupadas.

Os gastos destinados a **desemprego** redúcense un 10,2%, acadando os 22.457,10 millóns de euros, un 10,2% menos que no ano 2021. O descenso atribúese ao mellor comportamento do emprego, unha vez superada a crise da covid. A maior partida vai destinada á prestación contributiva, 13.050 millóns.

Os gastos destinados a **acceso a vivenda e fomento da edificación** medran un 46,3%. Trátase das políticas das que se estima un maior incremento dentro do grupo do gasto social. Ao igual que sucedera nos orzamentos anteriores, o maior medre provén dos MRR (Mecanismos de Recuperación e Resiliencia), concretamente 2.489 millóns desta partida proceden deste fondo, partidas destinadas maioritariamente a políticas de rehabilitación.

A novidade nos orzamentos para 2022 radica na dotación de 200 millóns de euros para o Plan Bono Alugueiro para a xente nova, que consistirá no pagamento dunha contía mensual de 250 euros durante 2 anos, para menores de 35 anos e con rendas do traballo inferiores a 3 veces o IPREM.

O grupo de partidas coñecido como **producción de bens públicos de carácter preferente**, en que se inclúen sanidade e educación e cultura, ten asignados 13.218 millóns de euros, un 1,1% menos que no ano 2021. A meirande parte das competencias destas políticas están transferidas ás CCAA, de aí a escasa contía. Aínda así, hai programas dentro das devanditas políticas que é importante coñecer.

A redución do gasto deste apartado, explícase pola menor dotación para sanidade, que segundo se especifica nos orzamentos é debida á redución do gasto destinado á compra de vacinas para combater a COVID-19.

Dentro de educación, a partida destinada a bolsas de estudo é a que absorbe a maior parte do orzamento. Así, para 2022 está previsto destinar a este fin 2.199 millóns de euros, un 5% máis que o ano anterior.

Fóra do gasto social, outra partida que ten especial importancia é o do investimento público territorializado; para o ano 2022 destínanse a esta partida 113.007,19 millóns de euros.

## INVESTIMENTO TERRITORIALIZADO.

	2021	2022	% rexionalizable	Gto/hab.
<i>Andalucía</i>	2.146,16	2.267,07	17,4	269,43
<i>Aragón</i>	504,28	522,66	4,0	396,17
<i>Asturias</i>	378,90	393,06	3,0	384,30
<i>Baleares</i>	201,64	172,35	1,3	149,94
<i>Canarias</i>	361,67	362,40	2,8	168,29
<i>Cantabria</i>	233,08	239,33	1,8	411,87
<i>Castela e León</i>	847,43	997,44	7,7	415,68
<i>Castela a Mancha</i>	426,59	536,71	4,1	264,02
<i>Catalunya</i>	1.999,30	2.230,74	17,2	290,64
<i>Estremadura</i>	415,12	405,76	3,1	380,03
<b>Galiza</b>	<b>832,24</b>	<b>1.074,72</b>	<b>8,3</b>	<b>398,12</b>
<i>Madrid</i>	1.250,28	1.151,46	8,9	172,80
<i>Murcia</i>	625,55	723,21	5,6	484,11
<i>Navarra</i>	88,02	77,08	0,6	117,82
<i>A Rioxa</i>	59,90	63,22	0,5	199,56
<i>Valencia</i>	1.164,52	1.208,61	9,3	241,54
<i>Euscadi</i>	512,46	489,56	3,8	221,74
<i>Melilla</i>	53,87	59,96	0,5	693,28
<i>Ceuta</i>	24,48	31,85	0,2	375,69
<i>T. rexionalizable</i>	12.125,51	13.007,19	100,0	
<i>Non rexionalizable</i>	6.332,85	7.378,23		
<i>Estranxeiro</i>	841,64	1.048,71		
<b>TOTAL</b>	<b>19.299,99</b>	<b>21.434,14</b>		

FONTE: Proxecto de orzamentos xerais do estado de 2022.datos en millóns

A Galiza correspóndelle o 8,3% do total non rexionalizable, concretamente 1.074,72 millóns, un 29,1% máis que no ano 2021. É a quinta comunidade con maior orzamento en termos absolutos e na que máis se incrementou este para 2022.

En investimento por habitante, un ano máis son Murcia e Cantabria as que seguen liderando este *ranking*.

Para facer fronte a estes gastos, a proxección dos ingresos está elaborada baixo un suposto dun incremento do PIB do 7%, e cun ritmo de crecemento do emprego do 2,7%. Dado este escenario macroeconómico, prevese que a base imponible agregada dos principais impostos se incremente por encima do 6%, o que redundará nunha maior recadación impositiva. Prevese un incremento da recadación a través de impostos directos do 10% e do 12,4% dos impostos indirectos.

A novidade máis destacable na tributación directa é o establecemento dunha tributación mínima do 15% da base imponible, pero só para as empresas cun

importe neto da cifra de negocios superior aos 20 millóns de euros, ou que tributen no réxime de consolidación fiscal. Esta modificación non afectará á maioría das empresas; en torno ao 96,5% das empresas son consideradas micro ou pequenas empresas, o que significa que a súa cifra de negocios é igual ou inferior aos 10 millóns de euros. Se a medida é de aplicación a empresas cun importe neto da cifra de negocios superior aos 20 millóns, os números falan por eles mesmos.

En calquera caso, e dado o optimista escenario que sustenta os orzamentos, xunto aos ingresos ligados aos fondos europeos, as necesidades de endebedamento diminúen con respecto a 2021. Así, estímase que a necesidade do devandito endebedamento vai acadar os 150 millóns de euros, un 24,9% menos que no ano 2021. Con este dato, a débeda en circulación do Estado estaría en torno aos 1,29 billóns de euros.

Natividad López Gromaz

Gabinete técnico confederal